


A Clásica



HAYDN + MOZART

ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

COLABORADOR PRINCIPAL



ORGANIZA



COLABORA



DESEÑO DE PROGRAMACIÓN E TEXTOS

Manuel Martínez Torres

DESEÑO E IMAXE GRÁFICA

Carmen Itamad Cremades Romero

DEREITOS IMAXES

Arquivo Pacheco

www.OrquestaClasica.com

Suscríbete á nosa newsletter



SEGUÍDENOS EN



Haydn + Mozart

17 de outubro • Teatro Afundación • 20.30 h

O Clasicismo para a nosa orquestra é como voltar a casa nesa viaxe constante da que seguimos extraendo leccións, significado e músicas. Por este motivo, este programa xurará en torno á obra de Gluck, Haydn e Mozart, artistas que compartiron tempo, espazo e inquedanzas artísticas. As pezas escollidas teñen unha intencionalidade e estarán conectadas entre si dende o punto de vista estilístico e conceptual, polo que vos convidamos a descubrilas durante o concerto.

Este programa está deseñado nun contexto de aforos reducidos, distanciamento e contención, polo que a volta a este estilo non é casual, pois conecta perfectamente coas necesiades do noso contexto. Con todas as dificultades que supón organizar un concerto nestes tempos, facer música e encher as salas dos teatros trátase case dunha cuestión de militancia na cultura. Por estes motivos agradecemos máis que nunca a vosa participación e constancia. Resistimos, seguimos!

Programa

Orfeo ed Euridice (Abertura), de C. W. Gluck

Concerto en la maior n. 5 para violín e orquestra K.219 "Turco", de W. A. Mozart

- Allegro Aperto
- Adagio
- Rondeau - Tempo di Minuetto

Sinfonía n. 54 en sol maior Hob.I:54, de J. Haydn

- Adagio maestoso - Presto
- Adagio assai
- Menuetto e trio: Allegretto
- Finale: Presto

*Concerto sen descanso

Solista

Raquel Carrera Álvarez (violín)

Director titular e artístico

Manuel Martínez Álvarez-Nava

Na década de 1770 Austria era un dos principais centros artísticos do mundo. Nun contexto no que o Antigo Réxime esgotaba os seus últimos anos, Viena rivalizaba coas outras potencias do momento en apadriñar as mellores producións artísticas do momento. Este vello imperio atopábase entre varios mundos que conforman un interesante conglomerado cultural que, partindo do xermánico van ao francés e ao norte de Italia ao oriente de rusos e otomanos. O resultado é una cultura europea que mira a Asia, que recorda a Francia cunha base xermánica, e que mestura conceptos dispares para xerar unha cultura única. Este programa serve a modo de fotografía deste instante.

Neste contexto chegamos as obras que conforman este programa, compostas por Gluck, Haydn e Mozart. Estes tres compositores, que realizaron as obras escollidas nun período inferior dez anos entre elas, conformaron no seu momento un tridente artístico de mutua admiración e inspiración que se plasma nas súas pezas.

O programa comeza coa Abertura para *Orfeo e Eurídice*, composta en 1762. Esta obra trátase dunha ópera seria de C. W. Gluck, sendo esta o resultado dunha proposta de reforma estilística do autor entre os estilos italiano e francés, o que fai que non sexa casual a elección do tema: Orfeo. Esta obra e o seu plantexamento estilístico influirían notablemente no desenvolvemento posterior do xénero, destacando especialmente a conexión con W. A. Mozart, artista do que escoitaremos o su *Concerto para violín e orquesta n. 5. K. 219*, composta en 1775 e na interpretación da nosa concertino Raquel Carrera Álvarez. Este fermoso concerto para violín recibe o alcume do “concerto turco” debido a un rondó que recorda a música típicas da cultura turca para o cal emprega á corda como un instrumento de

percusión que nos transportaran de oriente a occidente nun concerto cargado de virtuosismo e exotismo.

Pechamos o programa interpretando a *Sinfonía n. 54* de J. Haydn, composta en 1774. Trátase dunha obra aparentemente sinxela do catálogo deste compositor que realizou 108 sinfonías e cuxa escritura afianzou o xénero, que agocha interesantes trazas que deixan entrever o traballo e características sonoras que veremos nas súas grandes sinfonías (93-104) e que presenta xiros que nos levarán a Mozart.

Esta obra é o peche a un programa cuxas obras serven para entender un momento de gran esplendor artístico e o final dunha época que dará pe a un poderosísimo período artístico na música sinfónica.

Manuel Martínez Torres

Raquel Carrera Álvarez

VIOLÍN

Natural de Pontearreas, realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Profesional de Música “Reveriano Soutullo” da súa vila natal. Alí remata o grao profesional na especialidade de violín coas súas profesoras Natalia Soltan, Ruta Pozniakova e Edita Shulman. Posteriormente trasládase ao Conservatorio Superior de Música de Vigo para cursar o Grao Superior con Manuel Martínez Álvarez-Nava, terminándolo con Matrícula de Honra, tanto en violín como no Concerto Fin de Carreira, a finais do ano 2005. Realizou diversos cursos de perfeccionamento con profesores como Manuel Martínez Álvarez-Nava, Viñctor Raúl Cardoso, Wieslaw Reckucki, Jorge Risi, Agustín León Ara,...entre outros.

Foi aceptada como bolseira en dúas ocasións para participar nos Cursos Internacionais Universitarios de “Música en Compostela”, cursos de especialización para a interpretación de música española. A súa experiencia orquestral é moi ampla, pasando pola realización de distintos cursos de práctica orquestral así como polo seu traballo con distintas e variadas orquestras, como a “Orquestra de Cámara Reveriano Soutullo” ou a “Orquestra Sinfónica do Sur de Galicia”, coas que realizou numerosas xiras por España e diversas participacións na televisión galega e española. Tamén foi membro do “Ensemble Vigo 430”, “Nova Orquestra Sinfónica de Galicia” e da “Nueva Orquesta Nacional de España” (JONDE) coa que ademais traballou e realizou concertos de Música de Cámara con gran éxito. Actualmente traballa coa “Orquestra Clásica de Vigo” na que exerce como concertino desde o ano 2002. Actuou como solista en diversas ocasións con varias destas orquestras,

interpretando entre outras obras a Serenata Melancólica de Tchaikovsky, Meditación de Massenet, Concerto n.5 de Mozart, destacando o seu recente interpretació n do Concerto n.3 para violín e gran orquestra sinfónica de Grazyna Bacewicz baixo a dirección do italiano Alessandro Arnoldo. En todas estas agrupacións tivo a oportunidade de estar baixo as batutas de Roteiro Pozniakova, James Ross, Manuel Martínez Álvarez-Nava, Cándido Fernández, Joan Company, Alejandro Garrido, Rubén Gimeno, Gloria Isabel Ramos, Kristoff Penderecki, etc. Dende o ano 2008 e ata a actualidade imparte clases no Conservatorio Profesional de Música de Ourense de violín e orquestra.

Manuel Martínez Álvarez-Nava

DIRECTOR TITULAR E ARTÍSTICO

Nado en Oviedo en 1957. Discípulo do mestre Alfonso Ordieres Rivero, estuda violín e viola no Conservatorio Superior de Asturias. Posteriormente amplía os seus estudos de viola con Enrique Santiago. Estuda dirección de orquestra co mestre Jacques Bodmer, discípulo do lendario mestre Herman Scherchen.

Foi profesor violista da Orquesta Sinfónica de Asturias “Angel-Muñiz Toca” entre 1977 e 1983. Fundador, Solista e Concertino da Orquesta Universitaria de Oviedo, da que tamén foi director adxunto. Desde o curso 1983-84, é catedrático de violín no Conservatorio Superior de Música de Vigo e Director Titular da Orquesta Clásica de Vigo desde a súa creación en 1984.

VIOLÍN I

Emma Alonso Ramonet • Alba Martínez González
David Carvajal Rodríguez-Cadarso • Iris Landeiro Palacio
Estela Rodríguez Carvalho • Daniel Cabaleiro García
Ana Vaqueiro Rodríguez • Raquel Carrera Álvarez

VIOLÍN II

Paula Gómez Rodríguez • Navia Núñez González
Isabel Reyes Zunzunegui González • Inés Fernández Iglesias
Álvaro Pérez Bastos

VIOLA

Daniel Fernández Fernández • Aurora Carrera Guede
Óscar Expósito Rivera

VIOLONCELLO

Pedro Fernández Martínez • Elena Pintos Rodríguez
Noa Núñez González • Claudia Carvajal Aguado

CONTRABAIXO

Alma Fernández Bande • Mateo López Fernandez

FRAUTA

Lucía Lugrís Casares • Carlota González Sánchez-Molini

ÓBOE

Sofía Alejandra Domínguez Baltar • Cristina Gómez Crespo

FAGOTE

Gonzalo Lemos Vázquez • Sergio Vicente Gómez

TROMPA

Gonzalo Méndez Rodríguez • David Fernández Campos

TROMPETA

David Fernández Rodríguez • Víctor Manuel López Díaz

PERCUSIÓN

Fernando Vidal Bayer

Concerto Extraordinario de Nadal | Beethoven 250

29 de decembro • 20.30 h
Teatro Afundación

*Concerto para piano e orquestra
n. 4 en Sol maior Op. 58,*
de Ludwig van Beethoven

SOLISTA

Severino Ortiz Rey

DIRIXE

Manuel Martínez Álvarez-Nava

Entradas dende 5 euros
en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com)

